

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 8 DE MARZO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día oito de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 2 de marzo de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 2 de marzo de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución número 2022/10418, de 24 de febreiro de 2022, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2022" (FO221/2022). (Boletín Oficial da Provincia número 43, do 4 de marzo de 2022).
- Lei 15/2021, de 3 de decembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se modifica a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Boletín Oficial do Estado número 54, do 4 de marzo de 2022).
- Lei 16/2021, de 20 de decembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, do Plan galego de estadística 2022-2026. (Boletín Oficial do Estado número 54, do 4 de marzo de 2022).
- Lei 17/2021, de 27 de decembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. (Boletín Oficial do Estado número 54, do 4 de marzo de 2022).

- Lei 18/2021, de 27 de decembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, de medidas fiscais e administrativas. (Boletín Oficial do Estado número 54, do 4 de marzo de 2022).

- Resolución de 3 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, pola que se actualiza o Anexo I da Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 55, do 5 de marzo de 2022).

- Orde de 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A). (Diario Oficial de Galicia número 46, do 8 de marzo de 2022).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “Vego Supermercados,S.A.U.” adxudicataria do contrato mixto de “Subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do concello de Cambre. - LOTE 2”. Expediente 2020/C005/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 22 de decembro de 2020, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “Vego Supermercados,S.A.U.” adxudicataria do contrato mixto de “Subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do concello de Cambre. - LOTE 2”

Expediente 2020/C005/000005

Visto que no antedito expediente depositouse por medio dunha FIANZA, na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 04/12/2020 e importe de 452,04 euros, con número de rexistro 964, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo técnico en Promoción Económica da Axencia de Desenvolvemento Local, con data do 17 de febreiro de 2022.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal nº 70/2022 con data do 02/03/2022.

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Vego Supermercados,S.A.U.”, con CIF A36651313 e enderezo no Gambrinus nº 11, Polígono A Grela-Bens, 15008 A Coruña, no expediente número 2020/C005/000005, para a “Subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do concello de Cambre. - LOTE 2”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 25 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 295/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 326/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
295/2022	25-02-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de marzo de 2022
296/2022	25-02-2022	Solicitude de subvención ao amparo da ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

297/2022	25-02-2022	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: FBES
298/2022	25-02-2022	Adxudicación C.M. mediante o sistema de "vale de pedido" a Eseeale Marketing Diferencial S.L.
299/2022	25-02-2022	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 39 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión co fin de proceder á ampliación da potencia da subministración de enerxía eléctrica do edificio sito na Travesía da Igrexa, O Temple. Solicitante: UFD DE, S.A.
300/2022	28-02-2022	Expediente sancionador colocación de andamios en rúa Constitución, , O Temple sen título habilitante. Propiedade: M, CyR, S.L.
301/2022	28-02-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xaneiro de 2022, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de febreiro de 2022.
302/2022	28-02-2022	Aprobación da conta xustificativa para a reposición de fondos de anticipos de caixa fixa núm. 4/2021, polo período comprendido do 29/09/2021 ao 30/12/2021
303/2022	28-02-2022	CM para memorias técnicas Entroido e 8 M día internacional da Muller
304/2022	28-02-2022	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de decembro de 2021
305/2022	28-02-2022	Conceder a autorización de venda ambulante ocasional no Entroido de Cambre
306/2022	01-03-2022	Levantamento reparo "Contratación artística Entroido Pequeno de Cambre 2022"
307/2022	02-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ACM
308/2022	02-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DAV
309/2022	02-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: DCM
310/2022	02-03-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades xuvenís - Programa Vente de Marcha 2022: Ruta 150: Lagoa de Louro
311/2022	02-03-2022	CM a Tarabela Creativa ca obra "Costureiras" para o 8M
312/2022	02-03-2022	Desistimento de solicitude de axuda de emerxencia social alimentación de EFDL
313/2022	02-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: GGS
314/2022	02-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CMPN
315/2022	02-03-2022	Permuta de Policía Local de Cambre
316/2022	02-03-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Intervención por importe total de 3.946,44 euros
317/2022	02-03-2022	Devolución aval a AQdeR por depósito dun novo aval bancario por cambio de titularidade da vivenda
318/2022	02-03-2022	Contrato menor subscripción á revista infantil O Papagaio
319/2022	03-03-2022	Autorización apertura urna perimetral número 153, letra B, para inhumar o cadáver de dona MDBG, falecida o 9 de decembro de 2021
320/2022	03-03-2022	Acordo de colaboración entre o Concello de Cambre e a empresa PROFAND CAMBRE S.L.U. en materia de intermediación laboral, formación para o emprego e inserción laboral.
321/2022	03-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza. Solicitante: IDM
322/2022	03-03-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
323/2022	03-03-2022	Adxudicación do contrato menor para a subministración de materiais, consumibles e pequena ferramenta para o curso de soldadura do Plan AFD 2021-22
324/2022	03-03-2022	Aprobación programa "Obradoiros de Semana Santa 2022"
325/2022	03-03-2022	Reposición legalidad urbanística pola realización de actos consistentes construción dun portal de dúas follas, un peche e cinco construcións (tres alpendres e dúas casetas) na parcela, sita en Folgueira, Santa María de Vigo. Propiedade: DBeG
326/2022	03-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras (oco porta) sen título habilitante, no lugar de Pena, Sigrás. Propiedade: LTR

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de prórroga na execución da obra "Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020.Expediente 2020/C003/0000004

- Proposta de adxudicación do "Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre", a prol do licitador "Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L." (CIMARQ), no prezo ofertado (para os 2 anos de contrato principal e tendo en conta que se trata dun contrato en función das necesidades, cun orzamento limitativo máximo) de 141.947,28 euros sen IVE (171.756,20 euros IVE incluído), na porcentaxe ofertada do 6,50% a aplicar sobre o orzamento de execución material das obras que comprenden os traballos a executar. Expte: 2021/C004/000004.

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de prórroga na execución da obra "Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020.Expediente 2020/C003/0000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14 de setembro de 2021 formalizouse entre o concello de Cambre e a empresa adxudicataria, Jardinería Arce, S.L. o contrato administrativo para a execución da obra “Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020. Expediente 2020/C003/000004.

Con data 19 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Programa de Traballo, segundo establece a cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de tres meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 1 de outubro de 2021.

Vista que o día 7 de febreiro de 2022, con número de registro 20229990000535 a empresa adxudicataria das obras solicita unha ampliación do prazo de execución das obras, por 6 semanas, alegando problemas debido ao retraso no subministración de materiais provocado pola situación xeral actual sanitaria e de problemas de subministración, e afecciones no previstas surtidas durante o desenrolo dos traballos.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 15 e febreiro de 2022 apróbase a proposta de prórroga na execución de obra de referencia ata ou 3 de marzo de 2022 previo informe favorable dá técnica que subscribe.

Con data 2 de marzo de 2022, con número de rexistro 202299900001015 a empresa adxudicataria das obras, Jardinería Arce, S.L. solicita unha segunda ampliación do prazo de execución das obras, por 6 semanas, alegando problemas de gran cantidade de servizos afectados o que xera unha diminución considerable dos ritmos de traballo.

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao retraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se éste se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinale o órgano de contratación.

Visto, o informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas da sección de Servizos, con data do 04 de marzo de 2022, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga de 6 semanas, ata o 14 de abril de 2022.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Acordar a prórroga de 6 semanas, ata o 14 de abril de 2022, na execución da obra “Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020.Expediente 2020/C003/000004.

Segundo: Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación do “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L.” (CIMARQ), no prezo ofertado (para os 2 anos de contrato principal e tendo en conta que se trata dun contrato en función das necesidades, cun orzamento limitativo máximo) de 141.947,28 euros sen IVE (171.756,20 euros IVE incluído), na porcentaxe ofertada do 6,50% a aplicar sobre o orzamento de execución material das obras que comprenden os traballos a executar. Expte: 2021/C004/000004.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C004/000004 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, do “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 171.756,20 euros para os dous anos de contrato e un valor estimado de 212.920,92 euros.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2.c do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Actas da Mesa de Contratación de datas 21 de xaneiro de 2021 e 1 de febreiro 2022 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 1 de febreiro de 2022, a prol do licitador “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L.” (CIMARQ) no coste total ofertado do 6,50% a aplicar sobre o orzamento de execución material das obras que comprenden os traballos a executar, por un máximo de 171.756,20 euros, IVE incluído, para os dous anos de duración do contrato, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 13.2.c do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida a través da Plataforma de Contratación do Sector Público. Isto, segundo se deriva do informe emitido polo arquitecto municipal con data de 25 de febreiro de 2022, respecto da solvencia técnica e a suficiencia de medios para a execución do contrato, e do informe emitido pola secretaria accidental con data de 7 de marzo de 2022, respecto da demáis documentación aportada, e no que se formula proposta de adxudicación.

Visto o informe de fiscalización número 76/2022 emitido polo interventor municipal con data do 7 de marzo de 2022.

Visto o establecido na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 20 de outubro e 10 de decembro de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado debidamente cuberto o modelo de “Documento Europeo Único de Contratación” (DEUC), así como a totalidade das declaracións e compromisos contidos no apartado “B” da cláusula 10.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Consultoría de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)
- Consultora de Ingeniería y Empresa, S.L.
- AAA Triplettec, S.L.

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 20 de outubro de 2021, excluír da licitación a oferta presentada polos licitadores “L2 Ingeniería y Consulting Galicia S.C.P.-Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)” polos seguintes motivos que constan no expediente:

1.- Inclúuse no Sobre A “Documentación administrativa”, información avaliable mediante fórmulas, en concreto a experiencia profesional do arquitecto e do enxeñeiro de camiños, canles e portos, que supón unha puntuación máxima acumulada de 6 puntos, así como os compromisos relativos ao persoal para o asesoramento paisaxista e para asesoramento e consulta, con nome, apelidos e titulación, facéndose constar que mesmo se inclúen dous técnicos a maiores respecto dos traballos especiais sobre os que se require asesoramento, obtendo polos estes compromisos un total de 6 puntos.

2.- No presente expediente inclúuse un sobre B con documentación suxeita a xuízo de valor á que, segundo consta na cláusula 13.2. c) do PCAP, outórgaselle un máximo de 40 puntos, e que os licitadores que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados (20) na FASE I, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

3.- Coa inclusión de información avaliable mediante fórmulas dentro do sobre A “Documentación administrativa” non só se está conculcando o secreto das proposicións establecido no art. 139.2 da LCSP e artigo 26 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, senón que, ao existir un Sobre B con documentación suxeita a xuízo de valor, o coñecemento pola Mesa de Contratación e polo informante da información facilitada polos licitadores con carácter previo a efectuarse a valoración suxeita a xuízo de valor, configura un risco potencial de contaminación do xuízo de valor e conculcación, por tanto, dos principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia como alicerces básicos do procedemento de adxudicación dos contratos a teor do establecido nos arts. 1 e 132.1 da LCSP, risco que se trata de evitar polo lexislador no art. 30.2 do Real Decreto 817/2009, cando establece que a valoración dos criterios cuantificables de forma automática efectuarase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

A dita exclusión foi ratificada mediante Resolución nº 249/2021, de 30 de novembro, adoptada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) no recurso nº 247/2021,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

interposto por L2 INGENIERÍA Y CONSULTING GALICIA SCP e ERBA ARQUITECTOS, pola que se acorda “Desestimar o recurso interposto conxuntamente, en compromiso de unión temporal, por L2 INGENIERÍA Y CONSULTING GALICIA SCP e ERBA ARQUITECTOS (dona Beatriz Hermida Calviño) contra a exclusión da súa oferta na contratación dun servizo de redacción de proxectos e direccións de obra do Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004 dese Concello”.

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 21 de xaneiro de 2022, aprobar a valoración que consta no informe emitido polo arquitecto municipal con data do 20 de xaneiro de 2022 e, en consecuencia, outorgar aos tres licitadores admitidos a seguinte puntuación global, correspondente aos criterios de valoración que constan na Cláusula 13.2.c do prego de cláusulas administrativas particulares “FASE I: A. Criterios subxectivos mediante xuízo de valor (máximo 40 puntos)”:

EMPRESAS	MEMORIA METODOLOXÍA
AAA Tripletec SL	9,00
Consultores de Ingeniería, medio ambiente y Arq. S.L.	25,50
Consultora de Ingeniería y Empresa S.L.	19,50
puntuación	0 - 30

EMPRESAS	MEDIOS TÉCNICOS
AAA TRIPLETEC SL	4,00
CIMARQ	8,00
CONSULTORA DE INGENIERIA Y EMPRESA S.L.	1,50
puntuación	0 - 10

EMPRESAS	TOTAL F1
AAA TRIPLETEC SL	13,00
CIMARQ	33,50
CONSULTORA DE INGENIERIA Y EMPRESA S.L.	21,00

Cuarto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 21 de xaneiro de 2022, excluír da licitación á empresa “AAA Tripletec S.L.”; isto, tendo en conta que non supera a puntuación mínima esixida na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas Particulares (20 puntos), segundo a cal:

“Os licitadores que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados (20) na FASE I, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.”

Quinto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 1 de febreiro de 2022, aprobar a seguinte valoración global das entidades que continúan na licitación, correspondentes aos criterios de

valoración que constan na cláusula 13.2.c do prego de cláusulas administrativas particulares “FASE II: B. Criterios obxectivos mediante fórmulas (máximo 60 puntos):

	CIMARQ SL	CIESA SL
FASE II- B. CRITERIOS OBJETIVOS MEDIANTE FÓRMULAS		
B1. OFERTA ECONÓMICA	21,47	21,60
B2. EXPERIENCIA EQUIPO TÉCNICO	6	9
B3. VISITAS A OBRA DEL EQUIPO TÉCNICO MÍNIMO	4	4
B4. COMPROMISO DE PERSOAL PARA ASES. PAISAXISMO	3	3
B5. COMPROMISO DE PERSOAL PARA ASES. Y CONSULTA	2	2
TOTAL	36,47	39,60

Sexto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 1 de febreiro de 2022 e cos apartados anteriores do presente acordo, aprobar a seguinte valoración total, por orde decrecente de clasificación, das ofertas presentadas polos licitadores admitidos, mediante a aplicación dos criterios establecidos na cláusula 13.2.c do PCAP (criterios subxectivos mediante xuízo de valor + criterios obxectivos mediante fórmulas), sen atoparse ningunha das ofertas incursas en presunción de ofertas anormalmente baixas (cláusula 13.4 PCAP):

Nº de orden	NOMBRE DE LA EMPRESA	FASE I	FASE II	Puntuación total
1º	Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)	33,50	36,47	69,97
2º	Consultora de Ingeniería y Empresa S.L. (CIESA)	21,00	39,60	60,60

Sétimo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 1 de febreiro de 2022, adxudicar o “**Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre**”, á empresa “**Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L. (CIMARQ)**”, con NIF B15952369, e domicilio en rúa Bugall Marchesi 12, 1º esq., 15008 A Coruña (A Coruña), no prezo ofertado (para os 2 anos de contrato principal e tendo en conta que se trata dun contrato en función das necesidades, cun orzamento limitativo máximo) de 141.947,28 euros sen IVE (171.756,20 euros IVE incluído), na **porcentaxe ofertada do 6,50%** a aplicar sobre o orzamento de execución material das obras que comprenden os traballos a executar; isto, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 13.2.c) do PCAP, ter presentado no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incursa en presunción de oferta anormalmente baixa, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes da puntuación obtida son, ademais do prezo ofertado (6,50% a aplicar sobre o orzamento de execución material das obras que comprenden os traballos a executar), a memoria de metodoloxía, a proposta de medios técnicos e documentación, a experiencia do equipo técnico mínimo requirido, o compromiso de visitas a obra do equipo técnico mínimo, o compromiso de personal para asesoramento paisaxista e o compromiso de persoal para asesoramento e consulta.

Oitavo: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación, consonte ao artigo 44 e 153 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato:

- os documentos relativos ao seguro de responsabilidade civil a que se refire a cláusula 27 (PCAP)
- unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e dende onde van a prestar os servizos asociados aos mesmos, facendo constar que calquera cambio na información facilitada durante a vixencia do contrato, será comunicada de forma inmediata ao Concello (cláusula 30.2), e que se compromete a garantir o cumprimento en materia de protección de datos persoais

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante (artigo 154 da Lei 9/2017) e antes da mesma no poderá iniciarse a súa execución.

Noveno: Designar responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

De conformidade co establecido na cláusula 17.2 do prego de cláusulas administrativas particulares e na cláusula 12 do prego de prescricións técnicas, o responsable do contrato estará asistido na toma de decisións, por un equipo interdisciplinar de técnicos municipais do Concello de Cambre, nomeados polo órgano competente e propostos polo responsable do contrato.

Así mesmo, de conformidade co establecido na cláusula 17.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, con carácter previo á notificación do encargo do primeiro traballo, sexa a redacción dun proxecto ou a dirección dunha obra, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista presentou a seguinte documentación:

- os contratos e demais documentación establecida na cláusula 14.J) do PCAP, emitindo o correspondente informe ao respecto.

A falta de presentación dalgún dos documentos referenciados dará lugar á resolución do contrato, e dado que segundo a Cláusula 11 do presente prego non se esixiu con carácter previo á formalización do contrato o depósito da garantía definitiva por importe do 5% do prezo final ofertado, IVE excluído, este importe será esixido inmediatamente ao contratista mediante prema sobre o patrimonio, iso de conformidade co establecido no art. 101 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores participantes e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no artigo 44, apartados 1.a) e 2.c) da LCSP e cláusula 30.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50 LCSP e Disposición Adicional décimo quinta da Lei 9/2017 de contratos do sector público), a contar desde o día seguinte ao do aviso de posta ao dispor da notificación a través da plataforma Notifica. gal, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "*pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público*" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciarase conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Décimo primeiro: Notifíquese ao/á responsable do contrato que se designe e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López